

11. Aqueles asuntos encomendados á Deputación Provincial polos Concellos como deber de colaboración.

12 A resolución e tramitación das reclamacións de responsabilidade patrimonial

Que sexan competencia da Presidencia.

13. A persoamente en todos os asuntos xudiciais referentes a asuntos cuxa atribucións teña atribuídas.

O que se fai público, mediante este edicto, cumprindo o disposto no artigo 9, 3, da citada ley 40/2015

Lugo, 26 de xullo de 2018.- O Secretario Xeral, Cristóbal Víctor Fraga Bermejo. Vº e Prace, O Presidente, P.D. Decreto n.º 402/2017 de data 24/02/2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 2147

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 26 de xullo de 2018, apróbase unha nova convocatoria que rexerán o procedemento selectivo de 1 xefe da brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais coas mesmas Bases Específicas aprobadas en resolución de alcaldía de 28 de maio de 2018 e publicadas no BOP de Lugo número 125 de 2 de xuño de 2018, que complementan as bases xerais que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía en data 16 de novembro de 2017, e publicadas no B.O.P. de Lugo número 269 de 23 de novembro de 2017.

CONVOCATORIA

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de "Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais - Campaña 2018":

- Nº empregos: 1
- Denominación: Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Réxime Xurídico: Persoal laboral temporal
- Duración vínculo de servizo: 3 meses desde a formalización do contrato.
- Duración xornada: Xornada completa.

Listaxe de emprego temporal para a praza de "Xefe de Brigada municipal de prevención e defensa contra incendios forestais - Campaña 2018".

- Modalidade da listaxe: Específica

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

Alfoz, 26 de xullo de 2018.- O Alcalde, JORGE VAL DIAZ.

R. 2148

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día nove de maio de dous mil dezaoto, adoptou, entre outros, o seguinte acordo 5/244 **MODIFICACIÓN PROBAS INCLUÍDAS NAS BASES ESPECIFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE 3 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (UNHA DELAS INCLUÍDA NA OPE 2015 E DÚAS INCLUÍDAS NA OPE 2016)**, o cal foi rectificado por acordo 1/282 ACTA do trinta de maio de dous mil dezaoto, sendo a súa parte dispositiva do seguinte teor literal:

"PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de aclaracións presentada por dona Yolanda Díaz Gómez, con respecto ao temario incluído nas bases específicas que rexerán o proceso selectivo para a cobertura en propiedade de 3 prazas de Auxiliar Administrativo (unha incluída na OPE 2015 e dúas incluídas na OPE 2016), poñendo de manifesto que, tendo en conta o informe do Servizo de Informática, a versión do paquete ofimático máis amplamente instalada no Concello de Lugo corresponde ao **Microsoft Office 2003**, polo dita versión será a empregada durante as probas, para a parte práctica.

SEGUNDO.- Estimar a solicitude presentada por dona María Jesús Rivas Fernández co DNI 33346643 M con rexistro de entrada nº 2018021449 do 5/4/18 pola que se pide que os temas 17 de 18 só se inclúan na TERCEIRA PROBA do proceso selectivo para o acceso en propiedade a 3 prazas de Auxiliar Administrativo, quenda libre.

TERCEIRO.- Notifíquese a presente resolución ás interesadas e procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, coa indicación de que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado desta orde en Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Non obstante poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, o prazo para interposición será de seis meses, contados dende que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 11 de xuño de 2018.- O Tte. de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 2036

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/27459

Pedro Voces Cascallana solicita la concesión de un caudal de 0,036 l/s de agua procedente del manantial de Tarrío, en el lugar de Tarrío, parroquia de San Fiz de Asma (San Fiz), término municipal de Chantada (Lugo) para uso doméstico, riego de 0,2522 has de viñedo e industrial (bodega).

La captación se realiza en un manantial donde las aguas se conducen por gravedad mediante tubería a un depósito de 2000 litros de capacidad. Desde el depósito las aguas se distribuyen a las fincas a regar y a la industria a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Chantada , o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 28 de junio de 2018.- LA JEFA DEL SERVICIO TERRITORIAL EN FUNCIONES, Isabel del Río López.

R. 2040